

# LEI DE FOMENTO EMPRESARIAL DO PP ESPOLIO, DEPRDACIÓN E RUÍNA DE GALIZA



A comezos do pasado mes de agosto, e pola vía da urxencia, o PP presentou no Parlamento galego unha Proposición de Lei, co título de Fomento da Implantación de Iniciativas Empresariais en Galiza.

Estamos ante unha nova actuación antidemocrática e golpista do Goberno de Feixó, que para evitar verse sometido aos informes e controis propios dos trámites das leis impulsadas polo Goberno, utiliza o procedemento legislativo de proposición de lei, e así de forma fraudulenta e perversa, facendo uso da maioría absoluta no Parlamento que ten o Grupo parlamentar do PP, pretende aprobar a toda présa esta Lei, de grande calado, negando calquera dereito de participación social.

Esta Proposición de Lei trata materias moi diversas e dun xeito caótico, que afectan a multitude de áreas, modificando varias leis, coa xustificación formal de facilitar o asentamento de empresas, aínda que aproveitan para reformar unha chea de Leis diferentes, a maioría impulsadas en legislaturas anteriores polo propio PP, e que nada teñen a ver coa implantación de iniciativas empresariais.

Esta Lei asenta nas políticas neoliberais, tan gustosamente practicadas polo PP, mais ao mesmo tempo, constata o seu fracaso, xa que con esta Lei se fai unha auténtica emenda á totalidade nas súas propias políticas pasadas. Nesta ocasión, fan esta Lei dando un paso máis na aplicación da Lei 1/2010, de adaptación á Directiva de Servizos, onde se substitúen as licenzas por simples declaracións responsábeis e onde se rebaixa sensibelmente calquera control público.

**Asistimos, de novo, á evidencia de como o Goberno de Feixó deserta de servir aos intereses do pobo galego, renegando de tomar calquera iniciativa real a favor do desenvolvemento económico e social de Galiza. Así, coa Lei abandónase a defensa dos nosos sectores produtivos mentres se favorece un modelo industrial “colonial”.**

Non existe nin unha soa medida, nin principal nin secundaria, que teña como obxectivo central o apoio para os proxectos e actividades que aposten porque todos os procesos produtivos e de transformación teñan lugar en Galiza. Tampouco contempla ningunha medida de apoio e impulso aos nosos sectores produtivos, para que se permita a recuperación e consolidación do tecido empresarial

galego, favorecendo así o crecemento económico de Galiza e a creación de emprego en condicións dignas.

Esta Lei é unha lei que de forma descarada aposta por favorecer os intereses das grandes corporacións económicas, promovendo a instalación de calquera actividade económica e industrial por problemática que poida ser. Outórgase-lles aos grandes grupos empresariais a capacidade de imporen o seu criterio por riba de calquera outra consideración, con apoio público a través de subvencións e todo tipo de incentivos, eliminando calquera atranco para a súa instalación, simplificando e axilizando os trámites administrativos de industrias, minas, parques eólicos, empresa forestais, de residuos, etc., aínda a costa de sufrirmos elevados custos ambientais e sociais, ao reducírense os controis ambientais, de participación cidadá e os requisitos administrativos, protección do patrimonio natural e da saúde, tanto das persoas como do medio natural.

Con esta Lei desaparecen as normas ambientais e dereitos dos administrados e dáse patente de curso ás empresas, especialmente para as dedicadas as actividades de minaría e pasteiro-enerxéticas. Elimínase calquera barreira para facilitar a aprobación de proxectos polémicos, evitando que se repitan situacións, como sucedeu nos últimos anos, nos que a grande resposta social impediu que fosen adiante.

Desde a CIG temos claro o noso rexeitamento e a nosa oposición a esta Lei ante as graves consecuencias que terá a súa aprobación, defendendo a necesidade de lle dar unha forte resposta, de denunciar o que representa esta Lei e de mobilizármonos para conseguir a súa retirada.

## MOBILÍZATE CONTRA O MODELO INDUSTRIAL COLONIAL DA LEI DE FOMENTO EMPRESARIAL DO PP

## MANIFESTACIÓN NACIONAL EN COMPOSTELA

**Domingo 22 de outubro  
ás 12 horas  
na Alameda**



Confederación Intersindical Galega

www.cig.gal